

“Mulleres colleiteiras” e alumnado de Educación Social: unha experiencia de aprendizaxe e servizo

“Mulleres colleiteiras” and Social Education students: a learning and service experience

Neves Arza Arza, Laura Cruz López e Araceli Serantes-Pazos. Universidade da Coruña (Galiza-España)

Resumo

No curso 2015/16, o alumnado de 1º e 3º de Educación Social participou nun proxecto de Aprendizaxe e Servizo (ApS) co colectivo de “Mulleres colleiteiras”. Os obxectivos fóron visibilizar o seu traballo de recollida e valorización dun residuo –aceites domésticos usados– e conseguir maior apoio da comunidade universitaria na recollida. “Mulleres colleiteiras” son unha cooperativa de traballo asociado formado por mulleres en situación de exclusión social, co apoio da ONGD Arquitectura sen Fronteiras. A súa iniciativa ten un triple beneficio: económico, social e ambiental. O alumnado -no marco de tres materias- deseñou unha campaña de sensibilización centrada en tres dimensións: coñecer as razóns de exclusión social e laboral deste colectivo, coñecer os problemas do verquido de aceite doméstico na rede de auga potable e coñecer en profundidade a iniciativa das “mulleres colleiteiras”. Os resultados foron moi positivos por: o incremento de aceite recollido, o recoñecemento que recibiron as mulleres e a satisfacción do alumnado en aunar coñecemento-acción-transformación.

Astract

In the 2015/16 academic year, the 1st and 3rd year students of Social Education participated in a Learning and Service project (ApS) with the collective “Mulleres colleiteiras”. The objectives have been to make visible their work of collecting and valuing a waste -used household oils- and getting more support from the university community in the collection. “Mulleres colleiteiras” is a cooperative of associated work formed by women in social exclusion situation with the support of ONGD Arquitectura sen Fronteiras. Your initiative has a triple benefit: economic, social and environmental. The students -in the framework of three subjects- designed an awareness campaign focused on three dimensions: knowing the reasons for the social and labor exclusion of this group, knowing the problems of the spill of domestic oil in the drinking water network and knowing in the initiative of the “mulleres colleiteiras”. The results were very positive because of: the increase in oil collected, the recognition women received for their work and the satisfaction of the students when combining knowledge-action-transformation.

Palabras chave

educación ambiental; aceite doméstico usado; exclusión social; mujer; aprendizaxe e servizo.

Key-words

environmental education; used household oils; social exclusion; woman; Learning and Service.

Introdución

Esta experiencia de Aprendizaxe e Servizo (ApS)¹ ten como fin social contribuir a facer viable, produtivo e sostible o proxecto de autoemprego “*Mulleres colleiteiras*”, promovido pola ONGD Arquitectura Sen Fronteiras (ASF); trátase dun servizo integral de recollida, almacenamento, valorización e reutilización de aceites domésticos usados na cidade da Coruña e os municipios limítrofes. As protagonistas son un grupo de mulleres en situación de vulnerabilidade social que viven en infra-asentamentos na cidade, e que sufren unha cuádruple exclusión: por ser de etnias minoritarias, pobres, mulleres e sen formación académica.

O contexto desta experiencia é o ámbito académico, concretamente, a Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, co alumnado de Educación Social durante o curso académico 2015/16, no marco de 3 materias: Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables (3º curso), Orientación ocupacional (3º curso) e Educación ambiental e cultura da sustentabilidade (1º curso).

A proposta de ApS xorde ao coñecer a escasa recollida de aceite na nosa Facultade. Partimos, polo tanto, dunha necesidade que tratamos de vincular con diferentes

contidos de aprendizaxe e competencias abordadas nas materias indicadas.

Mulleres Colleiteiras

A cooperativa sen ánimo de lucro *Mulleres Coleiteiras* foi creada no ano 2015 por 4 mulleres que residían en asentamentos no contorno da cidade da Coruña (dúas na Pasaxe e dúas nas Rañas); é o resultado dun proceso de formación e traballo social iniciado por ASF no 2013, no *Programa de Inserción Social en Asentamentos Chabolistas* dentro do *Plan Integral de Inclusión Social*. Tal e como se define na propia web do proxecto², “*Mulleres colleiteiras*” ofrece un servizo integral de recollida, almacenamento, valorización e reutilización do aceite doméstico usado, dando unha resposta eficaz ao problema dos verquidos e



1 “Premio de Innovación Docente 2015/16” da Universidade da Coruña.

2 <http://mullerescolleiteiras.blogspot.com.es/p/proxecto.html>

da contaminación: trátase de aproveitar o aceite usado como recurso enerxético, mediante un proceso local e de baixo custo. Este traballo é realizado por mulleres en situación de desventaxe social, e reporta beneficios *ambientais* (evitan un foco de contaminación e valorizan o aceite como fonte enerxética), máis tamén beneficios *económicos* (xeran ingresos, tratan un residuo a baixo custo e reducen o sobre-custo de tratar as grasas nas depuradoras) e *sociai* (crean postos de traballo que favorecen a súa inclusión laboral e social, fomentan a cohesión entre elas e participan en outras redes, como no Movemento galego de cooperativas).

Mulleres colleiteiras ten distribuídos contedores nunha rede de puntos de recollida cada vez máis ampla e diversificada: mercados, centros cívicos, centros escolares, asociacións de veciños..., e tamén na Facultade de Ciencias da Educación.

Seu traballo concrétase en:

- **Recoller** o aceite doméstico usado, depositado en garrafas de plástico, ben dos contedores laranxas ou ben a recollida *in situ* a establecementos de hostelería en garrafas de 30 litros, para o que utilizan unha furgoneta que adquiriron (Foto 1).
- **Almacenar** o aceite nunha nave industrial cedida por un ano polo Concello de Oleiros no viveiro industrial de Iñás; tamén fan labores de limpeza e mantemento dos contedores



Foto 1: Mulleres coa furgoneta d recollida de aceites usados

- **Valorizar** o aceite a través dun sinselo e barato sistema de filtrado
- **Reutilizar** cada litro de aceite usado, que pode transformarse en 0,95 litros de biodiesel.

Aprendizaxe e servizo ou Aprendizaxe e Servizo Solidario

Aprendizaxe e Servizo (ApS) é unha proposta ben articulada e planificada de aprendizaxe na que o alumnado afronta retos reais de corresponsabilidade social a través dun servizo voluntario; trátase dunha *“actividade educativa que enlaza a adquisición de coñecementos e competencias coa súa aplicación práctica para a mellor realización dun servizo útil á comunidade”*, que *“ten argumentos suficientes para mudar o sentido da aprendizaxe e o sentido da cidadanía”* (Josep M. PUIG, Roser BATLLE, Carme BOSCH e Josep PALOS, 2007:11).

Polas características deste proxecto poderíamos estar falando de *Aprendizaxe e Servicio Solidario* (ASS), porque (i) favorece a autoestima das *mulleres colleiteiras*, que neste caso son verdadeiros axentes de cambio social (en canto á separación en orixen dos aceites domésticos usados), (ii) convirten ao alumnado en receptores do seu coñecemento e da súas prácticas e, (iii) participan no desenvolvemento da ApS, ofrecendo unha imaxe diferente aos estereotipos que sofren (Rafael MEDINA e Víctor MORENO, 2010: 3).

A Universidade da Coruña (UDC) entende que a ApS debe combinar procesos de aprendizaxe co servizo á comunidade, no que os obxectivos de aprendizaxe son tan importantes como a mellora dunha realidade social, a partir da práctica reflexiva (CUFIE,s/d). A principal diferenza entre a ApS e o voluntariado é que a ApS enmárcase nunha ou varias materias do currículo académico, o que permite acadar unha serie de competencias propias da titulación; para José TEJADA (2014) esta modalidade formativa no Ensino Superior aúna perfectamente a formación para o traballo e para unha cidadanía activa, desde a ética de cada un dos perfís profesionais.

Estas propostas de traballo en rede constrúense sobre tres piares:

- *pedagógico*: aprendizaxe no marco curricular dunha materia,
- *solidario*: servizo á comunidade, e

- *reflexivo*: práctica de acción-reflexiva.

No noso caso, o servizo céntrase no deseño e desenvolvemento dunha campaña de sensibilización enfocada en tres dimensións: por unha banda, concienciar sobre a realidade de exclusión social e laboral que afecta a certos colectivos, contribuíndo a eliminar prexuízos e tópicos que limitan as posibilidades dunha inclusión activa e plena; por outra banda, informar e concienciar sobre o problema dos aceites domésticos usados; e, finalmente, materializar unha proposta viable para encarar ambas problemáticas. O obxectivo que se persigue é *incrementar a recollida de aceite doméstico usado* no contedor que as Mulleres Colleiteiras teñen na Facultade. Os obxectivos específicos quedan reflectidos na Táboa 1.

APRENDIZAXE	SERVIZO
Identificar factores de exclusión social e a influencia do xénero como eixo de desigualdade	Sensibilizar á comunidade universitaria sobre os procesos de exclusión social e laboral
Coñecer a proposta metodolóxica de itinerarios de inserción personalizados	Coñecer o proxecto de Mulleres Colleiteiras e valoralo como iniciativa de autoemprego cun impacto social positivo
Coñecer o problema dos RSU, en concreto dos aceites domésticos usados, e materializar unha resposta educativa	Comprender o papel contaminante dos aceites usados e comprometerse coa súa reciclaxe

Táboa 1: Obxectivos de aprendizaxe e servizo

Situamos a experiencia de APS no marco das tres materias antes sinaladas como unha actividade obrigatoria. Trátase de materias de primeiro e terceiro curso, onde o alumnado aínda non tivo contacto coa realidade profesional a través do Prácticum; entendiamos que resultaba motivador poder achegarse a un colectivo específico e aplicar algunhas competencias e aprendizaxes desenvolvidas en diferentes materias, en concreto:

- Identificar e tomar conciencia dos factores vinculados aos procesos de exclusión social, residencial e laboral, analizando a súa interrelación e a influencia do xénero como eixo de desigualdade.
- Caracterizar e valorar a proposta metodolóxica dos itinerarios de inserción personalizados e a súa materialización no proxecto de Mulleres colleiteiras.
- Coñecer o problema dos RSU (residuos sólidos urbanos), en concreto dos aceites domésticos usados, e as alternativas viables de xestión.
- Coñecer o proxecto Mulleres colleiteiras e valoralo como iniciativa de autoemprego cun impacto social positivo.
- Aprender a deseñar, desenvolver e avaliar accións de sensibilización.
- Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información, en diferentes soportes.
- Desenvolver unha actitude aberta, crítica e comprometida co dereito ao benestar, á inclusión social e a un medio ambiente saudable.

- Adoptar unha disposición favorable ao traballo en contornas multiculturais e plurilingüística.
- Incrementar a recollida de aceite usado para o proxecto Mulleres colleiteiras.
- Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.

Proposta metodolóxica e actividades

Trátase dunha proposta experiencial e participativa, baseada na colaboración constante entre o alumnado de 1º e 3º Educación Social, coa ONGD Arquitectura sen Fronteiras e as *Mulleres colleiteiras*. Mediante un proceso de acción-reflexión- transformación, o alumnado coñece a realidade a través de entrevistas, charlas e grupos de traballo coas entidades. A elaboración da campaña tamén baséase nun proceso de intercambio fluído de información.

As accións conxuntas entre as tres entidades –UDC, ASF e Mulleres Colleiteiras– máis destacadas foron:

- Contacto inicial e revisión do proxecto de APS incorporando as modificacións oportunas.
- Colaboración nas sesións informativas e formativas sobre o dereito ao hábitat e o proxecto Mulleres colleiteiras.

- Revisión e aprobación da campaña de sensibilización deseñada, propoñendo melloras.
- Participación na avaliación final da experiencia.

Pódense identificar 5 fases no proceso (Gráfico 1):

1. *Información e motivación do alumnado.*
Como nas guías docentes non figuraba a proposta de APS, implicou unha fase de documentar e implicar ao alumnado.

2. *Adquisición de coñecementos teórico-prácticos* en sesións expositivas e interactivas, a través de discusións dirixidas, lectura de artigos de referencia, visionado dunha curtametraxe, obradoiro sobre o dereito ao hábitat, análise do proxecto *Mulleres colleiteiras* como iniciativa de autoemprego de mulleres en exclusión social, obradoiro de sensibilización ambiental desenvolvido por elas e sesións de aula para coñecer e aplicar a técnica de *Interpretación do Patrimonio* aplicada ao deseño de carteis.

3. *Análise da realidade:* centrada na detección de necesidades e obstáculos para a recollida de aceite doméstico usado na Facultade. Identificaron como principais limitacións o descoñecemento do proxecto *Mulleres colleiteiras*, ignoraban que era o contedor laranxa da Facultade e non sabían as consecuencias do verquido do aceite nos desagües, polo que non estaban motivados para colaborar.

4. *Deseño e desenvolvemento da campaña de sensibilización* que tivo dúas fases. No primeiro cuatrimestre, o alumnado de terceiro curso deseñou “accións de impacto” para chamar a atención sen achegar información sobre o proxecto (Fotografías 2 a 3). Deseñouse un power-point e un vídeo para informar nas aulas ao resto de cursos e titulacións da Facultade.



Gráfico 1: Fases do proxecto de Aprendizaxe e servizo



Fotografías 2 a 3: Exemplos da campaña de motivación e divulgación

No segundo cuadrimestre, deseñaron unha exposición de carácter interactivo, cunha identidade propia tanto nas cores como no formato e tipografía, co título-tema “*Mulleres colleiteiras, moitas razóns para colaborar*” (Fotografía 4). Os paneis colocáronse nos distintos andares da Facultade e respondían a tres tópicos: os problemas que orixinan os verquidos de aceite doméstico, quen son as mulleres colleiteiras e o proceso de valorización e reutilización que están a realizar e, por último, como se pode colaborar (Fotografías 5 a 7).


5. A avaliación do proceso e dos resultados concreouse na avaliación do deseño da campaña de sensibilización e das accións contempladas, por parte do profesorado implicado e das Mulleres colleiteiras; foi un proceso de avaliación continua en sesións de titoría e de avaliación final, no que tamén participaron ASF e as *Mulleres colleiteiras*, que comprobaron un incremento moi importante de aceite depositado nos contedores no remate da campaña de sensibilización.



Fotografía 4: Panel de inicio da exposición.

Consideracións finais

Os proxectos de ApS son unha poderosa estratexia educativa, realmente inspiradora, porque se trata dun proceso de acercar aos futuros profesionais á realidade social, para intervir nela, desde o coñecemento e a participación, de forma tutelada e autónoma ao mesmo tempo; tamén porque per-



Fotografías 5 a 7: Paneis e módulos interactivos da exposición interpretativa.

mite mellorar as capacidades do alumnado que é protagonista do seu aprendizaxe, no que se establece un diálogo horizontal entre as persoas participantes, compartindo saberes, e axudando a construír sociedades máis solidarias, responsables e comprometidas (Rafael MENDÍA, 2012:73).

A relación do alumnado coas *Mulleres colleiteiras* convertiu a aprendizaxe sobre inclusión e reciclaxe nunha experiencia chea de sentido. Traballar con elas, abordar un problema real e buscar solucións promove a comprensión, a empatía e a solidariedade. O contacto continuado operou nun cambio visible nelas: gañaron en confianza e autoestima ao enfrentarse ao alumnado para contar a súa experiencia, o que lles axudou a entender mellor as bases do seu proxecto e apropiarse de argumentos máis elaborados. E o alumnado pudo coñecer estratexias de comunicación/acción, desenvolverlas e valorar o impacto final: observar e reflexionar sobre os fallos e os acertos.

Ao aplicar o instrumento facilitado desde o CUFIE para avaliar o proxecto de ApS³ consideremos que todos os criterios foron contemplados e acadados.

A modo de conclusión, sinalar que a principal dificultade para desenvolver o proxecto foi traballar con grupos tan grandes nun único proxecto (máis de 100 persoas

por aula). Quizás tería sido máis interesante que traballasen en catro propostas diferentes para facilitar a coordinación entre eles á hora de darlle coherencia e continuidade aos contidos; mais este traballo posibilitou a sensación de grupo, ao desenvolver un obxectivo común e acadar unha meta. Por todo isto, consideramos que foi unha aprendizaxe relevante na súa formación.

Foi unha mágoa non poder contar coa presenza das *Mulleres Colleiteiras* na segunda fase (co alumnado de 1º curso), porque tivera sido moi relevante ter información de primeira man, o que quedaría reflectido no deseño dos seus carteis.

Destacar a potencialidade deste proxecto: os carteis poden facilitarse en formato editable para que os centros escolares ou outras entidades sociais os podan imprimir e crear os seus propios recursos interactivos.

Referencias bibliográficas

- CUFIE (s/d). Documento Marco do Programa de Aprendizaxe e Servizo na UDC. <https://www.udc.es/cufie/INNOVACION/APS/Documentacion.html>
- MENDÍA GALLARDO, Rafael (2012). El Aprendizaje-Servicio como una estrategia inclusiva para superar las barreras al aprendizaje y a la participación, *Revista de Educación Inclusiva*, vol. 5, nº 1, pp. 71-82.
- MENDÍA, Rafael e Víctor MORENO (2010): *Aprendizaje y Servicio Solidario: una estrategia para la inclusión social*. Bilbao: Zerbikas Fundazioa.
- PUIG, Josep, Roser BATLLE, Carme BOSCH e Josep PALOS (2007). *Aprendizaje servicio. Educar para la ciudadanía*. Barcelona: Editorial Octaedro.

3 https://www.slideshare.net/CUFIE_UDC/avala-o-teu-proxecto-de-aprendizaxe-servizo